

QUE BEN O FAS...!

Con esta actividade pretendemos...

Aprender a respectar e valorar o que fan os demais.

Favorecer a expresión das propias habilidades.

Durará

A actividade está pensada para realizarse nunha sesión. Aínda que continuaremos utilizando o seu ensino durante todo o curso.

Necesitaremos

Un boneco/monicreque.

Consideracións para o/a educador/a

Para realizar esta actividade, utilizar o boneco que teña a clase de mascota ou calquera monicreque/boneco que teñamos na aula.

Serviranos de apoio para traballar os temas relacionados coa autoestima, a valoración dos demais, etc., xa que favorecerá que falen con el e se desinhiban.

1ª fase: Desenvolvemento

Pedir aos nenos e as nenas que senten en círculo. Sacar ao boneco.

- No caso de que sexa un boneco novo, entre todos e todas, elixir un nome. A continuación, saudar a todos os nenos e as nenas, que se presentarán dicindo o seu.
- Se é un boneco habitual da clase, pedir que, como non ten moi boa memoria, lémbrenlle o nome das persoas da clase.

Despois, e sempre a través do boneco, contar que é moi importante que cada un teña o seu propio nome, porque é algo que nos diferencia doutras persoas, fainos especiais, o mesmo que as nosas calidades e habilidades. Explicar que ... sabe facer moitas cousas, pero que o que máis lle gusta é coñecer as cousas que fan ben os demais e dicirlles:

¡Qué ben -----! (a acción que realicen)

xa que iso é unha maneira de mostrar agarimo ás persoas.

Como exemplo, o boneco fará unha serie de cousas, como cantar, saltar..., e cada vez que o faga, aplaudiranlle e diranlle: Que ben cantas...! (ou o que corresponda á acción)

A continuación, convidar a cada neno e nena a que pense algunha actividade concreta que fai ben, e que o conte. Cando o fagan, os demais aplaudirán e dirán:

i ----- (nome) qué ben ----- (a acción que realice)!

Para rematar, hai que reflexionar

- Establecer un diálogo co grupo a través de preguntas como:
- Vistes que cada persoa ten un nome e unhas habilidades diferentes?
- Gustouvos ver que os demais vos aplauden por facer ben as cousas?
- Gústavos ver aos vosos compañeiros e compañeiras facer cousas ben?, creedes que é bo animar aos demais cando o fan?

Un superheroe de verdade sempre respecta e trata aos demais con agarimo.

